

A poética do absurdo (*)

Non sei se vou contar un conto. O que si estou seguro que vou facer é falar dun conto, que tamén narrarei despois, de Alfredo Bryce Echenique. Non é dos contos máis celebrados deste escritor peruano, algúns dos cales xa teñen para moitos lectores a consideración de clásicos, como os que se recollen na recopilación publicada por Alianza Editorial. Tampouco pertence este conto a ningún dos libros máis populares deste autor, pois todos vostedes saben que Alfredo Bryce Echenique é coñecido sobre todo por algunhas das novelas que escribiu, especialmente por *Un mundo para Julius* e *La vida exagerada de Martín Romaña*. Se elixín este conto, foi por unha razón que vou explicar. En primeiro lugar, porque antes de que este texto de Alfredo Bryce fora un relato literario, eu ónlllo contar a el como conto oral. Alfredo Bryce ten esa condición de ser un narrador que ademáis de escribir os seus contos e as súas novelas, cultiva a narración oral. Pertence á estirpe dos bos contadores, unha cualidade que antes ía unida á personalidade de case tódolos novelistas, pero que en parte se perdeu, xa que nos nosos días é perfectamente posible, na medida en que a novela non sempre se configura como narración, que haxa novelistas que non teñen a condición de seren bos narradores orais.

Alfredo Bryce Echenique é, como saben ben todos cantos o coñecen, un excelente narrador oral. Máis aínda, eu creo que unha parte da súa obra literaria, antes de ser obra literaria, é obra oral, é decir, son historias que el conta en reunións cos amigos, nos xantares e nas ceas. É un home moi de tertulias. A min sempre me sorprende esta capacidade dalgúns escritores para converter en narración literaria o que previamente para eles foi narración coloquial. Eu, que son tamén narrador oral, e que me gusta moito contar historias cos amigos, raramente acabo convertindo en obra literaria o que previamente contei de viva voz. Ese paso da oralidade á literatura escrita, para min resulta bastante difícil de comprender. En parte elixín este conto por eso. Este conto, ou esta anécdota,

(*) El texto proviene de la transcripción de la conferencia que Carlos Casares pronunció dentro del apartado *Las escrituras cruzadas*, en el *Seminario Internacional sobre El Cuento Hispanoamericano del siglo XX*.

porque antes de que fora un conto literario, como digo, eu escoiteino como anécdota. É unha historia que Alfredo Bryce Echenique conta como sucedida a el, ou sucedida no ámbito da súa familia. Xa saben vostedes que, ás veces, os escritores confunden, incluso na súa vida privada, as fronteiras da realidade; con frecuencia cóntase como vivido algo que en realidade foi vivido por outros e que a un lle contaron despois. A verdade é que eu, que son bastante crédulo, cando lle oíu contar historias a Alfredo Bryce sempre dou por feito que son certas. Por outra lado, non me importa, en absoluto, que sexan froito da fantasía ou que sexan froito da súa imaxinación, da mesma maneira que cando vemos a un prestidixitador, o que menos nos importa son os trucos. Sabemos que hai un truco detrás, pero preferimos adoptar a postura dos nenos que van ó espectáculo e que se deixan enganar polo ilusionista. Sospeito que moitas das cousas que conta Alfredo Bryce Echenique non son un reflexo exacto da realidade. Eu mesmo vivín unha historia que, contada por el posteriormente, non se parece moito a como foi. Na nva versión resulta moito máis interesante.

Un día, ó final dunha conferencia pronunciada por Alfredo Bryce Echenique, no coloquio, as únicas persoas que fixeron preguntas foron catro tolos. Isto é rigurosamente certo. O primeiro fixo unha pregunta absurda. Era un señor moi solemne, que se levantou para decirlle ó conferenciante que a veces un sabio coma el podía cometer un erro. Díxolle: “Vostede referiuse ó inmortal premio Nobel de Literatura Ernesto Hemingway e cometeu o erro de chamarlle Ernest”, porque Alfredo Bryce pronunciara o nome en inglés en lugar de dicir o nome en castelán. Inmediatamente, despois desta primeira intervención, levantouse unha señora para preguntarlle se creía nos ovnis. En terceiro lugar, púxose de pe un señor que quería saber se Bryce vira algunha vez á Virxe María e logo un cuarto señor... Aí, con este último, foi onde eu tiven unha pequena participación, aínda que despois, Alfredo atribuíriame a min a montaxe de toda a historia.

A única intervención miña consistiu en que eu, que estaba sorprendido de que só houbera tolos que preguntaban, descubrín a un coñecido meu que ese si que está tolo, absolutamente tolo, erguendo o dedo para pedir a palabra, e que o encargado do micrófono portátil non o vía. Nese momento, eu fíxenlle unha indicación de que alí había un señor que quería preguntar... Pasáronlle o micrófono e este último tolo fixo unha pregunta absolutamente imcomprensible. Eu non entendín o que preguntou e Alfredo Bryce creo que tampouco. A versión que Alfredo daría máis tarde desta historia, era que todo aquilo fora unha montaxe que eu lle fixera para organizar un tinglado absurdo e divertido como final da conferencia. En vez de catro tolos, puxo dez, que é un número moito máis absurdo aínda. El inventou seis tolos máis e naturalmente, no seu relato, resul-

taron ser uns tolos magníficos, facendo entre todos seis preguntas disparatadas. É dicir, que a partir dunha realidade mínima, Alfredo Bryce Echenique construíu toda unha historia que se parece algo á realidade, pero que é infinitamente máis rica que a propia realidade, sen ser absolutamente falsa.

Pois ben, nunha ocasión, eu escoitelle a Alfredo Bryce unha historia que el atribuíu a unha das súas irmáns, sucedida en Perú. Esta historia convertiuna logo en relato e aparecería máis tarde publicada no libro *Magdalena peruana y otros cuentos*. Esta historia, tal coma lla oín contar eu, consiste no seguinte. Como saben vostedes, Alfredo Bryce Echenique pertence a unha ilustre familia da alta burguesía peruana, o cal lle sirve para crear e describir un escenario adecuado. Trátase dunha clase social que se refire á clase baixa como a ínfima: “ese pertence a la ínfima” ou “son cosas que sólo suceden en la ínfima”... A protagonista é unha irmá do escritor que está obsesionada polo clima de violencia e inseguridade que se vive en Lima, en parte porque coñeceu unha época distinta, onde era posible manter os hábitos e os costumes da súa clase social sen sentirse ameazada pola violencia dos pobres e os miserables, a xente da ínfima, como di ela, habitantes dos barrios periféricos e marxinais da cidade. Alfredo Bryce conta que no tempo en que se sitúa o seu relato, as cousas chegaran ó extremo de que xa non era posible asistir ás festas con roupa de etiqueta. Por esa razón, os convidados saían das súas casas vestidos de maneira informal, coas xoias e os traxes de noite metidos en bolsas de plástico. Logo, ó chegar á mansión onde se celebraba o convite, pasaban a unha habitación, cambiábanse e despois participaban na festa. Ó rematar, repetían a operación, desta vez ó revés.

Nestas circunstancias, a irmá de Alfredo Bryce Echenique, obsesionada pola seguridade, un día decidiu comprar unhas tesouriñas e levalas sempre no bolso por se necesitaba defenderse do ataque de algún delincuente. O seu home, unha persoa sensata e con sentido común, tratoude disuadila co argumento de que fronte a un criminal armado cun coitelo dos grandes, resultaría absurdo usar unhas tesouriñas de tocador tan insignificantes. O caso é que ela defendía a necesidade de ir sempre coas tesouriñas por medo a que lle puidese ocorrer calquera desgracia. O home insistíalle en que non as levase, que calquera día a ían atravesar cunha navalla, pero ela reafirmábase na súa teima. Un día foi ela soa a unha destas festas, e cando rematou, en vez de cambiar a roupa larga, a roupa de noite, decidiu regresar no seu auto ata á casa vestida daquela maneira. Ó chegar a un dos “poblados” das aforas de Lima, o automóbil sufriu unha avería, e como non sabía absolutamente nada de mecánica, empezou a sentirse aterrorizada, porque estaba soa no medio do campo, moi cerca dun barrio de chabolas, nun daqueles focos de delincuencia que ela tanto temía. Entón, nese momento apareceu un autobús e subiuse a el. Era un autobús que non traía nin luces, pois

era un autobús das barriadas máis pobres, completamente destartalado. Ó subir aquela muller, todo o mundo quedou moi sorprendido de ver entrar a unha señora vestida daquel xeito, que se sentou na primeira praza que encontrou libre. Cando estaba sentada, descubriu que ó lado dela ía un negro inmenso, compañeiro de asento, e empezou a coller medo. Non había luces, as caras que miraba non lle gustaban nada, todos os ocupantes do autobúes tiñan un aire de xente marxinal, con aspecto de delinquentes.

No medio destas reflexións motivadas polo medo, a señora descubriu que xa non tiña o relóxio e pensou que llo acababan de roubar e que a partir daquel instante tamén a podían matar, violar ou secuestrar. Entón decidiu que chegara o gran momento de sacar as tesouriñas e facer uso delas. Colleunas, meteullas na barriga ó negro que ía a súa beira e reclamoulle o relóxio. Sen chistar, o negro depositouno dentro do bolso que a irmá de Alfredo abrira previamente. Mentres tanto, ela mantivo a aquel home a raia coas tesouriñas, que lle levou postas na barriga durante todo o traxecto. Cando chegou á casa, estaba moi nerviosa e encarouse co marido, ó que lle dixo: “Ti sempre andas dicindo por aí que son unha insensata e unha irresponsable, que calquera día me van matar, e gracias ás tesouriñas hoxe salvei o relóxio de diamantes e salvei a vida”. Sorprendido, o home preguntoulle qué lle pasara e ela explicoulle a historia mentres se dirixían os dous cara ó dormitorio. De repente, xa no interior da habitación, el viu enriba da mesa de noite o relóxio de diamantes que ela olvidara. Inmediatamente a muller abriu o bolso e descubriu un relóxio de plástico horroso.

Esta historia que Alfredo Bryce Echenique me contou coma unha historia vivida pola súa irmá, levei a sorpresa de que un día a atopei convertida nun conto literario titulado “Anorexia y tijeritas”. Agora ben, o que acabo de contar non é o conto de Alfredo Bryce, senón a anécdota de Alfredo Bryce. O curioso é que moi pouco tempo despois de que Alfredo me contara esta historia, unha amiga sueca contoume outra anécdota que vou contar agora e que resulta interesante coñecer para a propósito que nos ocupa. Antes debo crear tamén un pouco de ambiente. Trátase dunha rapaza sueca moi guapa e moi inocente, amiga da miña muller e da que eu son amigo tamén desde hai moitísimos anos. Coñezoa moi ben e, xa digo, é unha persoa moi inocente, tanto que ata os vinte anos o único pecado que cometera na vida fora unha mentira que lle contou a unha nena, á cal lle dixo que o pai dela, médico de profesión, era propietario dun circo, cousa que era totalmente falsa. Pois ben, esta amiga miña contoume que un día, en Estocolmo, foi comer a un restaurante de autoservicio. Entrou, colleu unha bandexa e serviuse un prato de sopa e unhas albóndigas; logo foi á procura dunha mesa, pousou a bandexa por riba e decatouse de que non collera nada

para beber, polo cal volveu a situarse na cola para buscar unha cervexa. Cando regresou ó seu sitio, encontrou a un xaponés que lle estaba comendo a sopa. Sentouse enfronte del e recriminoulle o que estaba facendo. Díxolle en inglés: “Mire vostede, isto non o pode facer. Isto en Suecia non está permitido. Vostedes no Xapón terán os costumes que queiran, pero aquí vostede non lle pode comer a sopa a outro cidadán, así desta maneira”. Todo isto dito ó xaponés, que o único que facía era devolverlle reverencias e máis reverencias, pero sen deixar de comer a sopa. Pola cabeza da miña amiga pasaron moitas explicacións para tratar de entender o que estaba vendo. A primeira, que aquel señor tiña fame, que entrou alí e que cando veu unha bandexa con comida, púxose a comer. Segundo, que o xaponés podía ser un fresco que veu a bandexa e puido pensar algo como isto: “Bueno, pois como gratis a conta de calquera sueco, que teñen fama de ser inxenuos e moi educados”. Á final, a miña amiga chegou á conclusión de que probablemente a explicación debía de ser a segunda: que o xaponés era un aproveitado que lle quería comer a sopa. Entón ela dixo para si: “Ben, que me coma a sopa, pase, pero as albóndigas non llas deixo comer”. Polo tanto colleu o prato das albóndigas, colocouno diante dela e púxose a comer. Mentres, o xaponés seguía facéndolle grandes reverencias. De xeito que o home acabou a sopa antes que ela tivera tempo de comer as albóndigas, ergueuse, fíxolle unha reverencia e marchou. Ela seguiu comendo as albóndigas, ata que rematou. De repente, decatouse de que non tiña o bolso. Asustada e sorprendida, pensou: “Todo isto foi unha maniobra do xaponés para roubarme o bolso”. Cando xa se ía botar a correr detrás del, pasou ó lado doutra mesa que estaba un pouco máis alá e alí había un bolso, un prato de sopa e un prato de albóndigas...

Como se pode apreciar, esta historia contada pola miña amiga sueca é exactamente a mesma historia das tesouiriñas e do relóxico. Cando a escoitei por primeira vez, aínda que me recordaba moito á de Alfredo Bryce, cheguei a conclusión de que como a miña amiga nunca contara outra mentira que dicir que o seu pai tiña un circo en vez de ser médico, din por certo que non se trataba dun conto inventado, senón dun suceso real. O que pasa é que, algúns anos despois, nunha sesión parecida a esta, contando esta anécdota do xaponés, da sopa e das albóndigas, un escritor vasco deume unha terceira versión. Lamento neste momento tela olvidado, pero era unha terceira versión da mesma historia. O cal quere dicir que isto xa empeza a ter un certo aire de apólogo ou de conto popular. Trátase de recrear unha situación absurda, na que sempre hai un elemento inxenuo que é o que causa a catástrofe, é dicir, a señora que atraca impunemente a un negro considerando que se trata dun delicuente, cando é ela a que se converte en delincuente ó roubarlle o relóxico. Ou no caso do conto da miña amiga

sueca, que considera que o xaponés é un fresco que lle quere comer a sopa, finalmente é ela a que lle acaba comendo as albóndigas a el. De maneira que os presuntos delinquentes e frescos acaban sendo as vítimas dos outros dous.

Dixen ó principio que cando lle escoitei a súa historia a Alfredo Bryce Echenique, nunca pensei que aquel relato oral puidera dar orixe a un texto literario, porque sempre pensei que é bastante difícil converter unha anécdota graciosa nun texto literario. Máis tarde, cando apareceu *Magdalena peruana y otros cuentos*, decateime de que o primeiro conto do libro estaba baseado precisamente naquela anécdota. Sería absurdo, sen embargo, pensar que un escritor do talento de Alfredo Bryce Echenique se podía limitar a contar a anécdota, porque sería como contar un chiste. De seguida advertín que o truco utilizado polo narrador consistía en aproveitar o elemento máis interesante da anécdota, que é ese carácter absurdo-poético que ten e que ó final se convirte no elemento dinámico ou no detonante do conto, pero conseguindo con moita habilidade que a anécdota ocupe un lugar casi irrelevnte no conxunto do relato: un lugar irrelevante desde o punto de vista cuantitativo, pero moi importante polo efecto de sorpresa que causa ó final.

Sería interesante estudar cómo a partir da anécdota inicial se elabora todo o conto. Eu creo que se pode intuír máis ou menos o que fixo Alfredo Bryce: sabendo que a anécdota en si non se podía converter sen grandes dificultades nun relato literario, o que fixo o autor foi, partindo da muller das tesouriñas, crear varios personaxes. Unha persoa como a protagonista da historia pode comportarse como un personaxe inxenuo ou pode comportarse como un personaxe estúpido, que é o que acaba sendo Raquelita. Trátase dunha moza da alta burguesía peruana que está casada cun ministro. O conto sucede no momento en que este último perde o seu cargo. O feito de que ela sexa un personaxe estúpido condiciona todo o relato. Esta é razón de que o home, farto da estupidez da súa muller, acabe tendo unha amante. Polo tanto, hai un triángulo amoroso composto polo ex-ministro, a amante e a muller. O relato está montado sobre unha especie de monólogo do ministro, que é o narrador. Sorprendémolo na ducha o mesmo día que o cesan de ministro a consecuencia dun escándalo de corrupción económica, protagonizado por el e algún compañeiro do goberno ó cal pertence.

En primeiro lugar, o ex-ministro reflexiona sobre o final da súa carreira política como consecuencia deste escándalo, pero o remate da súa carreira significa tamén o final da comodidade da súa relación amorosa coa su amante. Cando era ministro, tiña que viaxar, necesitaba ir ó despacho certas hora ó día, asistir a reunións... Todo isto dáballo unha liberdade de movementos que lle permitía encontrarse coa amante sen que a muller sospeitara. Por eso, ese final non

só afecta á súa carreira política, senón que supón tamén a o remate da comodidade da situación que lle permitía relacionarse coa súa amante. A primeira reflexión do ex-ministro trata sobre o final da súa carreira, a segunda sobre as dificultades que vai ter en adiante na súa vida amorosa e unha terceira reflexión inclúe a súa familia, de maneira que hai un momento en que se sente xeneroso e pensa que vai comer á casa. Ese primeiro día que deixou de ser ministro e foi comer a casa para estar coa muller e cos fillos, dáse conta de que Raquelita é máis tonta do que pensaba e sente un desprecio infinito por ela, de xeito que, nalgúns momentos, recordando o pasado, pois un decátase a través do relato de que houbo un tempo en que o home desexou a morte da súa muller para poder vivir con Vicky, a amante, incluso casándose con ela.

Para a morte da muller, o ex-ministro imaxinaba a un negro tremendo que a encontraba na rúa, ela coas suas tesouríñas para defenderse e o outro craváballe un coitelo inmenso. Tamén pensou que a anorexia podía matala, pero o melocotón diario que toma Raquelita con moito traballo apórtalle hidratos de carbono de abondo para ir subsistindo. Polo tanto, el chega a pensar que a súa muller é inmortal: nin os negros, nin as torpezas dela coa tesouríña, nin a anorexia poden acabar con ela. Nese intre aparece no relato o apersonalidade máis productiva desde o punto de vista narrativo, que é o pai de Raquelita. É el o que lle resolve ó ministro os seus problemas de corrupción, pois a investigación que se vai abrir, que probablemente podía dar con el na cadea, vaina parar este señor, que é un home da alta burguesía con moito poder, que mesmo lle pode impoñer ó presidente a obriga de non perdirlle responsabilidades políticas ou xudiciais a este ministro corrupto. Pero esto pasa pola humillación á que o sogro somete ó seu xenro a través dunha chamada telefónica na que lle chama inútil, gandul, senvergonza e na que lle di: “Ben, todo esto fágoo non por ti, que es un indeseable, senón por Raquelita e polos nenos”. No remate, Raquelita, a imbécil, é a que acaba redimindo do cárcere a este home, que é intelixente, pero corrupto. Raquelita representa a idiocia, pero tamén o estado da inocencia pura. Por exemplo, cando o seu home di diante dos nenos que el chegou onde chegou a base de traballo, aínda que en realidade el di “craneo y sudor”, Raquelita corríxeo: “Que sea la última vez que en esta casa se pronuncia la palabra sudor. Aquí no se suda, eso es para la infima”.

Este relato de Alfredo Bryce Echenique, que parte da anécdota que lles contei antes, convírtese polo tanto nunha obra literaria, na que o motivo inicial queda reducido a un detalle enxeñoso, un detonante que só cando é traspasado por un clima que eu me atrevería a denominar de “lírica do absurdo” acada a condición de obra poética, entendida esta dun xeito amplo. Se non se crease ese clima, o conto non pasaría de ser a narración dunha anécdota graciosa, é dicir,

a trasposición por escrito dunha charla de sobremesa. Por outra parte, o éxito do relato consiste no final, un detalle sorprendente que lle outorga ó conto un significado do que podía carecer se Alfredo Bryce se limitara a contar a anécdota tal coma eu a contei ó principio desta charla. Se na versión oral hai unha traslación do papel dos personaxes, polo cal o presunto delincuente de clase baixa resulta ser a vítima dunha señora elegante da clase alta, transformada en atracadora sen sabelo, no relato escrito o señor ministro, que desprecia a unha muller estúpida e da que espera desfacerse, é salvado finalmente por esta. Está claro que do enxeño da anécdota desencadeante pasamos a unha reflexión de tipo moral. A complexidade do salto sitúanos xa nun plano diferente.

Nada máis. Se queren vostedes facer algunha pregunta, estarei encantado de responder.